Despois das múltiples denuncias (algunhas con procesos xudiciais aínda abertos) tanto de afectados como profesionais solicitando un correcto tratamento da enfermidade, actualmente os casos máis graves están a ser atendidos. Sen embargo, o Plan Estratéxico Nacional para o tratamento da Hepatite C, que contempla varias áreas de traballo, non está a ser totalmente desenrolado, o que sen dúbida supón unha grave deficiencia na procura de solucións integrais da enfermidade.

Unha das áreas de dito plan que non se está levando a cabo é a relativa a poñer en marcha mecanismos de información e prevención tal e como marca o documento.

Nese sentido, existen queixas por parte de colectivos afectados, en relación a que a Xunta non promove un plan de cribado con campañas informativas para que a xente acuda á Atención Primaria, así como a formación especializada aos profesionais de Atención Primaria sobre os itinerarios a seguir.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2016 09:30
Nº Rexistro: 1739
Data envío: 28/11/2016 19:42:46.360



Tendo en conta que Galicia ten competencias plenas no ámbito sanitario, é responsabilidade da Consellería de Sanidade levar a cabo o desenvolvemento de ditas demandas..

O presidente da Xunta, asegurou fai pouco que se levou a cabo un investimento de 130 millóns de euros neste proceso.

Por todo o anterior, En Marea formula a seguinte Proposición non de Lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a facerse cargo do desenvolvemento completo do contido do Plan Estratéxico, incluíndo a formación dos profesionais, as campañas informativas e o plan de cribado perceptivo.

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2016.

Asdo.: Eva Solla Fernandez

Deputada do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Portavoz do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 28/11/2016 19:41:07



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2016 09:30
Nº Rexistro: 1739
Data envío: 28/11/2016 19:42:46.360

Luis Villares Naveira na data 28/11/2016 19:41:16

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 24.01.2017 Hora: 10:00
Orde do día

3.4 2413(10/PNP-000221)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis

Sobre a interposición dun recurso ante o Tribunal
Constitucional polo rexeitamento da admisión a trámite pola
Mesa do Congreso dos Deputados da Proposición de lei orgánica
de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 a
Galicia

Publicación da iniciativa, 37, 30.12.2016



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños e Xosé Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á interposición dun recurso de inconstitucionalidade polo rexeitamento da admisión a trámite da Proposición de Lei Orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 a Galiza, aprobada por unanimidade polo Parlamento galego por parte da Mesa do Congreso dos Deputados.

A Mesa do Congreso dos Deputados rexeitou a admisión a trámite da Proposición de Lei Orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 a Galiza, aprobada por unanimidade polo Parlamento de Galiza.

A decisión adoptada, en sesión do día 13 de decembro, vulnera o dereito fundamental de participación política das deputadas e deputados desta Cámara, alén de provocar un conflito entre institucións lexislativas sen precedentes. A fundamentación do acordo esta abeirada nun parco informe do Goberno central que esgrime argumentos, que aínda sendo contados e pouco elaborados, están totalmente infundados e falsean, a través dun cálculo inexacto e equivocado, que o un traspaso de titularidade da AP-9 a Galiza provocaría un aumento de gasto público.



Alén do desatino nos argumentos do Goberno central que asume a Mesa do Congreso dos Deputados, dun punto de vista formal tamén hai unha extralimitación, dado que se aplica un artigo que na propia Constitución está regulado especificamente no epígrafe relativo á tramitación dos orzamentos xerais do Estado, e que até esa sesión non fora nunca usado para oporse desde o Goberno á tramitación dunha iniciativa legislativa emanada do Parlamento de Galiza.

Este proceder despreza o sentir maioritario do pobo galego, plasmado nun acordo unánime da súa representación política. Implica un desleixo absoluto coa función representativa do pobo galego que exerce o Parlamento de Galiza, pretendendo erixirse a Mesa do Congreso e o Goberno nun filtro do que pode e non pode debaterse, para trazar as liñas vermellas de que materias poden atinxirse acordos, en función dos intereses do goberno central, polas institucións representativas de Galiza para ser logo defendidas e aprobadas polas Cortes Xerais.

O resultado é un veto frontal a unha iniciativa unánime da cámara representativa galega, mais non por vías democráticas, como sería a substanciación, debate e votación final desa iniciativa, expresando a vontade das e dos deputados a través dunha votación sobre o contido da proposición de lei remitida polo Parlamento de Galiza. Imponse esa limitación a través dun tamiz regulamentario, sen mais apoiatura que unha discutíbel opinión do Goberno, que nin sequera puido ser contraposta pola opinión dos grupos políticos que avalaron desde Galiza a proposta para transferir a AP-9 a Galiza.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/12/2016 09:30
Nº Rexistro: 2413
Data envío: 20/12/2016 18:31:07.996

Ademais, implica unha vulneración dos dereitos das deputadas e deputados do Parlamento Galego, por afectar directamente ao núcleo do *ius in officium*, tanto dun xeito individual como en calidade de representantes dunha cámara lexislativa que expresou unha vontade e ten o dereito a que sexa trasladada, defendida e sometida ás Cortes Xerais no seu conxunto, non arquivada burocraticamente por unha órgano de administración en base exclusivamente á opinión nesgada do Goberno. Unha vulneración do dereito fundamental de exercicio de cargos públicos representativos en condicións de igualdade que lesiona non só directamente ás deputadas ou deputados do Parlamento de Galiza senón que reverte ademais nas galegas e galegos, que depositaron a súa representación, para exercela con liberdade e sen vetos, en cargos representativos que agora vense impedidos de poder levala a termo, en nome das persoas electoras, nesas condicións en base a decisións arbitrarias e inxustas.

Por todo iso, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Pleno do Parlamento de Galiza acorda:

1. Expresar o rexeitamento pola decisión da Mesa do Congreso dos Deputados que desbotou a tramitación da Proposición de Lei Orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 a Galiza, aprobada por unanimidade polo Parlamento de Galiza.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/12/2016 09:30
Nº Rexistro: 2413
Data envío: 20/12/2016 18:31:07.996

2. En consecuencia, promover a interposición dun recurso ante o Tribunal Constitucional contra dita decisión, apoiando a que as deputadas e os deputados demanden o amparo por vulneración do dereito fundamental á participación en cargos públicos en condicións de igualdade, e prestando a asistencia técnica parlamentar e xurídica para efectivizalo.

3. Trasladar este acordo á Presidenta do Congreso dos Deputados.”

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2016

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 20/12/2016 18:30:29



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/12/2016 09:30
Nº Rexistro: 2413
Data envío: 20/12/2016 18:31:07.996

Xose Luis Rivas Cruz na data 20/12/2016 18:30:36

María Montserrat Prado Cores na data 20/12/2016 18:30:44

Noa Presas Bergantiños na data 20/12/2016 18:30:46

Xosé Luis Bará Torres na data 20/12/2016 18:30:51

Ana Pontón Mondelo na data 20/12/2016 18:30:54

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 24.01.2017 Hora: 10:00
Orde do día

3.5 2451(10/PNP-000225)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e Sánchez García, Antón

Sobre o impulso pola Xunta de Galicia para o cumprimento da sentenza do 21 de decembro de 2016 do Tribunal de Xustiza da Unión Europea en relación cos contratos hipotecarios con cláusulas chan

Publicación da iniciativa, 36, 28.12.2016

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, a iniciativa do seu voceiro e vicevoceiro **Luís Villares Naveira** e **Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Tribunal de Xustiza da Unión Europea (TXUE), en sentenza deste 21 de decembro de 2016, ven de fallar a favor dos clientes no caso das indemnizacións das cláusulas solo abusivas. As entidades terán que devolver todo o que os clientes abonaron de máis durante a vida do préstamo hipotecario, e non só a partir do 9 de maio de 2013, como fixara o Tribunal Supremo.

Segundo o TXUE a xurisprudencia española que limita no tempo os efectos da declaración de nulidade das cláusulas adoito contidas nos contratos de préstamo hipotecario en España é incompatible co Dereito da Unión. Tal limitación dá lugar a unha protección dos consumidores incompleta e insuficiente, polo que non constitúe un medio adecuado e eficaz para que cese o uso das cláusulas abusivas.

Na sentenza faise constar que a declaración xudicial do carácter abusivo dunha cláusula debe ter como consecuencia o restablecemento da situación na que se atoparía o consumidor de non existir dita cláusula.

A consecuencia é o recoñecemento do dereito de centos de miles de clientes a que se lles devolva o incorrectamente cobrado pola existencia das cláusulas chan.



Ante a evidencia deste recoñecemento pola xustiza europea a banca e as administracións deben de garantir que se lles devolven as cantidades cobradas de máis durante anos, sen colocar obstáculos innecesarios que obstaculicen a efetivización do recoñecido na sentenza, evitando facer pasar aos consumidores por máis gasto de tempo e diñeiro en obter un dereito que lles corresponde.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a habilitar e activar os mecanismos e instrumentos necesarios de arbitraje e solución extra-xudicial para a devolución polas entidades das cantidades indebidamente cobradas aos clientes de contratos hipotecarios con cláusulas solo, de conformidade cos fundamentos e fallo da sentenza do TSXUE de 21 de decembro de 2016.

Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2016.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 22/12/2016 10:48:47

Antón Sánchez García na data 22/12/2016 10:49:15

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 24.01.2017 Hora: 10:00
Orde do día

3.6 2507(10/PNP-000234)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Puy Fraga, Pedro e 7 máis

Sobre o impulso pola Xunta de Galicia para elaborar e aprobar un programa de axudas específico para as familias monoparentais

*Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, 36,
28.12.2016*

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados Marta Rodríguez Arias, M^a Encarnación Amigo Díaz, Aurelio Nuñez Centeno, María Ángeles García Míguez, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Miguel Tellado Filgueira, Jesús Vazquez Almuíña, ao abeiro do disposto nos artigos 98,160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de Lei en Pleno** polo trámite de urxencia.

Xustificación da Urxencia:

A Urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione cando antes sobre esta cuestión.

Exposición de Motivos

Hai un ano aprobouse e púxose en marcha unha iniciativa específica para dar resposta ás necesidades das nais, dos pais e dos seus nenos: O Programa de apoio á natalidade (PAN Galicia), co propósito garantir o benestar das familias e apoialas de maneira integral e continua dende o primeiro momento.



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2016 16:30
Nº Rexistro: 2507
Data envío: 23/12/2016 15:02:47.776

Con esta finalidade, implantouse unha nova axuda directa por nacemento de fillo, ao tempo que se están a desenvolver medidas e servizos que favorecen a conciliación, como o aumento dos recursos educativos e de atención dirixidos aos nenos e nenas de 0 a 3 anos.

Debemos seguir reforzando as políticas sociais dirixidas ao benestar das familias e, sobre todo, dos nenos e nenas. Seguir apoiando ás familias, especialmente ás familias monoparentais.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno polo trámite de urxencia:**

O Parlamento insta á Xunta de Galicia a:

“Elaborar e aprobar un Programa de Axudas específico para as familias monoparentais”

Santiago de Compostela 26 decembro 2016

Asinado dixitalmente por:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2016 16:30
Nº Rexistro: 2507
Data envío: 23/12/2016 15:02:47.776**

Marta Rodríguez Arias na data 23/12/2016 14:50:00

María Encarnación Amigo Díaz na data 23/12/2016 14:51:30

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 23/12/2016 14:51:38

María Ángeles García Míguez na data 23/12/2016 14:51:53

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 23/12/2016 14:52:16

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 23/12/2016 14:53:04

Jesús Vázquez Almuiña na data 23/12/2016 14:53:16

César Manuel Fernández Gil na data 23/12/2016 14:56:21

Jaime Castiñeira Broz na data 23/12/2016 14:56:26

Moisés Blanco Paradelo na data 23/12/2016 14:56:31

María Antón Vilasánchez na data 23/12/2016 14:56:43

Marta Novoa Iglesias na data 23/12/2016 14:56:54

Silvestre Balseiros Guinarte na data 23/12/2016 14:58:02

Cristina Isabel Romero Fernández na data 23/12/2016 14:58:14

Paula Prado Del Río na data 23/12/2016 14:58:23

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 24.01.2017 Hora: 10:00
Orde do día

3.7 2638(10/PNP-000246)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción

Sobre a posta en marcha polo Goberno galego dunha plataforma de elaboración das programacións didácticas de educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria e bacharelato para todos os centros docentes da comunidade autónoma de Galicia

Publicación da iniciativa, 43, 12.01.2017



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados, Luis Manuel Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte preposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O sistema educativo español está caracterizado, entre outros aspectos, por un elevado nivel da denominada autonomía organizativa dos centros educativos.

Tanto é así que a vixente Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, na súa redacción dada pola Lei 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, determina xa no seu primeiro artigo, sobre os principios da educación, a autonomía no relativo ao establecemento e adecuación das actuacións organizativas e curriculares no marco das competencias e responsabilidades que corresponden ao Estado, ás comunidades autónomas, ás corporacións locais e aos centros educativos.

Ademais, a Lei citada dedica no seu Título V o Capítulo II á autonomía dos centros.

No caso da Comunidade Autónoma de Galicia, e por etapas educativas, a autonomía pedagóxica dos centros vén regulada do seguinte xeito:

No Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, o artigo 12º.2 establece que os centros educativos desenvolverán e completarán o currículo establecido pola Administración educativa adaptándoo ás características das nenas e dos nenos e á súa realidade educativa.

No Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, o artigo 4º establece que os centros docentes desenvolverán e concretarán este currículo, e estas concrecións formarán parte do proxecto educativo do centro.



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

No Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na comunidade autónoma de Galicia, o artigo 5º establece que os centros docentes, dentro do marco establecido pola consellería con competencias en materia de educación, desenvolverán a súa autonomía pedagóxica e organizativa, favorecerán o traballo en equipo do profesorado e estimularán a actividade investigadora a partir da súa práctica docente.

A Resolución do 15 de xullo de 2016, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a implantación, no curso académico 2016/17, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da comunidade autónoma de Galicia, no seu artigo 24º establece que:

Os departamentos didácticos dos centros docentes desenvolverán o currículo establecido mediante a programación didáctica de cada materia de cada curso que teña encomendada na organización docente do centro.

A programación didáctica deberá ser o instrumento de planificación curricular específico e necesario para desenvolver o proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado de maneira coordinada entre o profesorado integrante do departamento.

O anterior pon de manifesto a máxima relevancia que para o proceso de ensino ten a elaboración das programacións didácticas nos centros educativos, como garante para profesorado, alumnado e as súas familias, da adecuación da planificación do proceso educativo tanto ás necesidades legais como sociais, convertendo este asunto en algo de importancia xeral.

Non obstante, a elaboración destes instrumentos supón unha dificultade engadida á, xa de por si complexa, tarefa dos docentes. Isto é así porque:



Grupo Parlamentario

1º) Unha parte deste colectivo asume esta tarefa como unha carga inevitable, allea ao que considera o seu traballo (dar clase), de elevada compoñente administrativa.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

2º) En moitos casos utilízanse modelos facilitados polas editoriais, que aínda que poden ser válidos en liñas xerais, precisan sempre dunha adecuación aos centros.

3º) O permanente (e desgraciado) cambio normativo que afecta o noso sistema educativo, que supón unha sensación de provisionalidade no traballo.

Ante esta situación, e dado o elevado número de persoas que poden aportar o seu coñecemento (profesorado e inspección de educación), a existencia de soporte tecnolóxico suficiente e o feito de que xa se ten experimentado nesta comunidade autónoma no ámbito da Formación Profesional un modelo similar, parece oportuno que se dote ao sistema educativo galego dunha plataforma tecnolóxica que permita:

- 1) Facilitar propostas de programacións didácticas de cada un dos niveis sinalados, educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria e bacharelato, de xeito que, sen vulnerar a autonomía de cada centro, poidan realizarse sobre esa proposta as adecuacións pertinentes.
- 2) A supervisión desas programacións didácticas dun xeito que integre a Administración electrónica (e-administración) no eido educativo.
- 3) Levar a esta Comunidade Autónoma a unha situación de liderado no eido da innovación educativa.

Ante esta situación o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2016 12:01
Nº Rexistro: 2638
Data envío: 27/12/2016 12:01:35.680



Grupo Parlamentario

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para que poña en marcha á maior brevidade posible, unha plataforma de elaboración das programacións didácticas de educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria e bacharelato para todos os centros docentes da comunidade autónoma de Galicia.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 27 de decembro de 2016

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 27/12/2016 12:00:03

Maria de la Concepción Burgo López na data 27/12/2016 12:00:16

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 27/12/2016 12:00:32

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 24.01.2017 Hora: 10:00
Orde do día

3.8 2930(10/PNP-000259)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para evitar as saturacións que sofren, de maneira habitual, os servizos de urxencias de diversos centros hospitalarios

Publicación da iniciativa, 43, 12.01.2017

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela** e **Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

Os servizos de urxencias dos diversos centros hospitalarios de Galicia sofren, de maneira habitual, saturacións pola entrada masiva de pacientes que desbordan as posibilidades de atención por parte do persoal sanitario. Estas situacións provocan dificultades asistenciais, producidas pola falta de recursos persoais e materiais, que derivan no agravamento dos problemas que presentan os pacientes ao chegar ao servizo de urxencias.

Esta situación deuse neste inicio de 2017 en varios centros hospitalarios de Galicia, e nalgúns deles de maneira grave e destacada, como no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense (CHUOU), no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela (CHUS) ou nos servizos de urxencias dos centros hospitalarios de Pontevedra. Algunhas destas situacións, como é no caso do CHUOU, conséntase de maneira repetida este escenario.

Os graves problemas xurdidos nos servizos de urxencias por saturacións provocan problemas de retrasos inasumibles para unha correcta atención, como puideron ser de máis de 8 horas no caso de Pontevedra para pacientes de elevada idade para os que agravamento da súa urxencia pode causar males maiores, mentres que dende os estamentos directivos esta situación foi cualificada de “normal” (La Voz de Galicia, 3 de xaneiro de 2017), como tamén apuntaron que “non foi necesario abrir máis camas nin tomar medidas excepcionais” no caso de Hospital Álvaro Cunqueiro a pesares de estar os corredores cheos de camas con pacientes esperando hospitalización e que o persoal profesional falaba da maior saturación rexistrada nunca nese hospital (La Voz de Galicia, 6 de decembro de 2016). No caso do

CHUS, sindicatos profesionais apuntan á existencia dun 25 % dos espazos de atención en urxencias que están baleiros, e máis de medio centenar de camas pechadas impedindo a hospitalización de moitos e moitas pacientes. Neste punto, Inspección de Traballo xa ten advertido varias veces sobre o incumprimento da normativa que supón ter camas nos corredores (El Correo Gallego, 3 de xaneiro de 2017). Cabe recordar que a Valedora do Pobo solicitou información á xerencia do CHUS neste mesmo novembro pola existencia de casos semellantes, que foron denunciados por propio persoal do centro. O caso do CHUOU presenta, tamén, unha situación repetida pois no pasado mes de novembro viuse nunha situación parecida, apuntando os profesionais que nestes últimos casos o persoal era “insuficiente” e existía “falta de medios materiais” (La Región, 3 de xaneiro de 2017).

A pesares de ser inicialmente atribuído, por parte das distintas xerencias e responsables da Consellería de Sanidade, a picos de asistencia a urxencias por parte das persoas pacientes, e dificilmente previsibles, a realidade que amosan os e as profesionais é ben distinta. Os colectivos de profesionais sanitarios, especificamente aqueles de urxencias, e tamén as xuntas de persoal dos centros hospitalarios, refiren habitualmente a existencia de causas previsibles e subsanables acerca destes casos. Por un lado apúntase a deficiente dispoñibilidade de recursos materiais e persoais, que fan imposible afrontar con plenas garantías asistencias unha saturación como as sinaladas. O persoal profesional sanitario, que salvan as situacións a base de sobreesforzos e prolongacións das súas xornadas, apunta a necesidade de incorporar máis persoal para estes servizos de urxencias. Por outro lado, existen patróns de previsión que non se están a ter en conta por parte das xerencias dos centros, en relación ao calendario e coa chegada de epidemias como a gripe.

A pesares desta información persistente sobre a posibilidade de mellorar a calidade do servizo para as situacións de dificultades previsibles, séguense a producir saturacións que contribúen a unha maior dificultade no tratamento, que deriva en complicacións para os e as doentes. As largas esperas nas salas antes de ser atendidos, o agrupamento de camas en corredores, as difíciles condicións en que os e as pacientes son atendidas e postos en repouso en salas non adecuadas e outras cuestións que son referidas polos e polas pacientes e polos e polas profesionais, son motivo



Grupo Parlamentario

dunha diminución da calidade do noso sistema sanitario froito dunha xestión ineficiente.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Esixir ás xerencias dos centros hospitalarios de Galicia un informe dos episodios de saturacións vividos en cada centro, que inclúa a previsión realizada, a dotación de recursos existente e o reforzo aportado, así como unha avaliación do desenvolvemento da labor nos momentos de maior volume de pacientes. Enviar unha copia de cada informe a cada grupo político e á Xunta de Persoal correspondente.
2. Elevar a dotación material e humana dos servizos de urxencias dos centros hospitalarios de Galicia, negociando cos colectivos profesionais e sindicais de cada centro hospitalario un plan de aumento de persoal progresivo para os dous próximos anos.

Pazo do Parlamento, 4 de xaneiro de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 04/01/2017 12:02:09

Noela Blanco Rodríguez na data 04/01/2017 12:02:18

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 04/01/2017 12:02:25

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 24.01.2017 Hora: 10:00
Orde do día

4. Interpelacións

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 24.01.2017 Hora: 10:00
Orde do día

4.1 1044(10/INT-000031)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Fernández, Raúl e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coa execución da liña de alta velocidade ferroviaria en Galicia

Publicación da iniciativa, 18, 23.11.2016

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Raúl Fernández Fernández, Noela Blanco Rodríguez e María Luisa Pierres López, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A chegada da liña de alta velocidade ferroviaria a Galicia resulta ser de importancia capital para os intereses do noso país.

Coa liña do AVE plenamente operativa gañaremos en competitividade en todos os niveis: social, empresarial, produtiva, económica, ...

Gañaremos no ámbito material, máis tamén gañaremos no ámbito de equilibrio territorial e, sobre todo, no recoñecemento de Galicia como terra de oportunidades.

Non resulta, polo tanto, estraño que o conxunto da sociedade galega anhele e desexe que esta hipótese sexa unha realidade.

A situación actual de aproveitamento parcial do AVE é cualificado pola sociedade galega como un agravio a unha afrenta histórica con Galicia.

Todos/as preocupados/as, excepto o presidente do Goberno galego.

O Sr. Feijoo acomoda as súas esixencias ao Goberno de España en función da cor política do Goberno de España.

Máxima esixencia cando gobernaron os socialistas, e máxima permisividade cando gobernan os populares.

A situación actual das obras do AVE, entre Lubián e Ourense, non invitan ao optimismo.

Neste tramo so hai incumprimento orzamentario e parálise de actuacións polo Goberno do Sr. Rjoy.



Grupo Parlamentario

A marchas das obras é preocupante e parece rachar, unha vez máis, o compromiso do presidente da Xunta de Galicia para o ano 2018.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por iso nos preocupan as últimas manifestacións do presidente da Xunta de Galicia facendo táboa rasa sobre algunhas condicións que garanten que o acceso do AVE a Galicia poda denominarse como tal.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Que valoración fai o Goberno galego das obras do AVE a Galicia na perspectiva temporal de 2018?
2. Mantén o Goberno galego o compromiso de entrada en servizo do AVE en 2018?
3. Vai a renunciar o Goberno galego a algunha das condicións inherentes ao AVE como tal?
4. Vai a permitir o Goberno galego un AVE de segunda en Galicia?

Pazo do Parlamento, 11 de novembro de 2016

Asdo.: Raúl Fernández Fernández
Noela Blanco Rodríguez
María Luisa Pierres López
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Raúl Fernández Fernández na data 11/11/2016 12:59:34

Noela Blanco Rodríguez na data 11/11/2016 12:59:41

María Luisa Pierres López na data 11/11/2016 12:59:46

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 24.01.2017 Hora: 10:00
Orde do día

4.2 1334(10/INT-000050)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre a política do Goberno galego en relación co sector lácteo

Publicación da iniciativa, 21, 29.11.2016

Á MESA DO PARLAMENTO

David Rodríguez Estévez e Paula Quinteiro Araujo, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **INTERPELACIÓN**, en relación coa situación do sector lácteo.

Na actualidade o sector lácteo segue a atoparse nunha situación crítica e precaria en toda a Unión Europea, agás nalgúns países, que aproveitan os incentivos á redución voluntaria da produción para aumentar a súa e gañar cota de mercado á costa das granxas doutros países, por exemplo o noso.

A situación é de especial gravidade para Galiza, xa que este é un sector fundamental para o noso desenvolvemento económico e social, e o peche de granxas e a baixada de prezos non cesan.

O acordo lácteo asinado o pasado 23 de setembro de 2015 está revelándose como ineficaz para afrontar a situación de especial gravidade que viven os gandeiros e as gandeiras galegas, xa que os prezos en Galiza seguen a estar moi por debaixo dos custes de produción.

Nos últimos meses a Axencia de Control Alimentario Aíca, a raíz das denuncias presentadas polas organizacións agrarias, iniciou unha campaña de investigación nas granxas que estaban a cobrar os prezos menores e tratar de detectar prácticas abusivas na imposición unilateral de prezos por parte das industrias, xa que un dos grandes problemas presentes nos últimos tempos é a variedade existente entre os prezos que se cobran nunhas granxas e noutras, atopándose moitas diferenzas que non están



relacionadas nin co tipo de leite nin cas calidades. Esta é unha realidade que queda agochada tralas cifras medias.

Polo exposto formúlase a seguinte Interpelación:

- 1) Que medidas está a implementar a Xunta de Galicia para afrontar a grave crise que está a vivir o sector?
- 2) Dirixiuse a Consellería a AICA para coñecer os resultados da investigación nas granxas que están a recibir os prezos máis baixos? Que datos lle comunicaron?
- 3) No caso das persoas produtoras, e tendo en conta que os prezos que se lles están a pagar ás granxas están por debaixo dos custos de produción calculados polo propio Ministerio, cales son as actuacións que a Consellería está a levar adiante para garantir prezos que non sexan impostos unilateralmente pola industria e que non sexan abusivos?

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2016.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Paula Quinteiro Araujo

Deputado e deputada do GP de En Marea.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/11/2016 13:06
Nº Rexistro: 1334
Data envío: 18/11/2016 13:06:59.156



Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 18/11/2016 13:04:21

David Rodríguez Estévez na data 18/11/2016 13:04:06

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 24.01.2017 Hora: 10:00
Orde do día

4.3 2294(10/INT-000089)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María e 2 máis

Sobre a posición do Goberno galego para Galicia respecto da
revisión do modelo de financiamento autonómico

Publicación da iniciativa, 32, 21.12.2016



Á Mesa do Parlamento

Xoaquín Fernández Leiceaga, Abel Losada Álvarez e Begoña Rodríguez Rumbo, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Interpelación**.

O modelo de financiamento autonómico é un factor decisivo para o benestar e progreso da Comunidade Autónoma de Galicia. Determina, en boa medida, o nivel de actividade que o Goberno galego pode desenvolver de xeito sostible, ben directamente, pola asignación de recursos, ou ben indirectamente, pola asignación de instrumentos e capacidades tributarias. Por tanto, estamos referíndonos á oferta sanitaria, educativa ou de centros sociais da comunidade autónoma; dos medios materiais da xustiza, das infraestruturas, do soporte á actividade produtiva.

O modelo aprobado en 2009, con vixencia desde o 1 de xaneiro dese ano, incorporaba una revisión aos cinco anos (2014), que foi postergada polo Goberno de España pola situación global das finanzas públicas e polas repercusións do desafío dunha parte da sociedade catalá (e os seus representantes políticos) á orde constitucional. Nos próximos meses deberíamos asistir á posta ao día do modelo actual, por medio dunha negociación na que deberían estar presentes as comunidades autónomas de réxime común. Unha vez alcanzado o acordo, debería ter efectos desde o propio 1 de xaneiro de 2017.

É urxente entón definir qué lle pedimos desde Galicia a esa revisión. Outras comunidades autónomas teñen avanzado o deseño das reformas que propoñen para o modelo de financiamento. E para iso é útil facer unha avaliación realista do modelo actual. ¿Ónde estamos?

Podemos caracterizar ao modelo actual con dous trazos básicos:

1. É un modelo que, de xeito imperfecto pero potente, atende ás necesidades de gasto máis que ás capacidades tributarias. Incorpora un



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

forte compoñente redistribuidor e, por tanto, de igualación no tratamento dos cidadáns no territorio.

2. Na determinación das necesidades xa ten en conta elementos de custe, como a dispersión, e de demanda, como o avellentamento poboacional, á hora de definir as necesidades.

Non se trata dun modelo perfecto. É mellorable, tanto en termos de equidade como de reforzo da autonomía financeira das comunidades. E cómpre axustala ás novas condicións da descentralización como á situación económica. Pero non debemos descoñecer que Galicia está así en segunda posición nas necesidades de gasto por habitante, só superada por Castela e León, con aproximadamente 108 habitantes axustados por habitante; e Galicia ten un financiamento medio do 106 % sobre as comunidades de réxime común, en relación xa coas necesidades de gasto.

Por iso é interesante coñecer si a Xunta de Galicia mantén, como dicía Alberto Núñez Feijóo en 2009 e repetía aínda en maio de 2016, que este modelo é prexudicial para Galicia e debe ser mellorado substancialmente ou ben está, agora, conforme cando menos cos seus resultados, aínda que algunhas reformas parciais poidan, e deban, ser defendidas desde Galicia.

Polo exposto, os deputados e deputada asinantes formulan a seguinte interpelación:

¿Qué resultados espera obter da revisión do modelo de financiamento autonómico?

Pazo do Parlamento, 14 de decembro de 2016

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Abel Losada Álvarez
Begoña Rodríguez Rumbo
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/12/2016 13:39
Nº Rexistro: 2294
Data envío: 14/12/2016 13:39:15.483



 [Grupo Parlamentario](#)

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 14/12/2016 12:29:47

Abel Fermín Losada Álvarez na data 14/12/2016 12:29:59

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 14/12/2016 12:30:06

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 24.01.2017 Hora: 10:00
Orde do día

4.4 2491(10/INT-000096)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre a valoración polo Goberno galego respecto da prevención da violencia machista nas escolas galegas

Publicación da iniciativa, 43, 12.01.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas do Grupo Parlamentario de En Marea, ao abeiro do artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **INTERPELACIÓN**, sobre a prevención da violencia machista nas escolas.

Segundo a Macroenquisa española de Violencia contra a Muller de 2015, o 21% das mulleres menores de 25 anos que tivo parella foi vítima da violencia machista fronte ó 9% das mulleres sen diferenciación por idade.

É un dos datos que nos alerta acerca da incidencia que ten esta lacra social sobre as mulleres máis novas. No mesmo senso, estudos cualitativos recentes sobre a violencia machista entre adolescentes amosan como a relación entre ciumes e amor está cada vez máis interiorizada no discurso da mocidade, de xeito que se invisibiliza a violencia machista no seu entorno, dificultando, aínda máis, a súa detección e as posibilidades de cortar con ela.

As e os especialistas alertan de como o sexismo se aprende na escola e a igualdade tamén. Deste xeito, a construción dunha cultura a prol da igualdade debe partir das aulas.

Entre as recomendacións que podemos atopar na literatura aparece a da integración de contidos específicos nos cursos nos que a xente máis nova comeza a ter as primeiras relacións de parella. Este era, de feito, un dos obxectivos da demonizada e malparada Educación para a Cidadanía, hoxe parcialmente reivindicados na materia de Igualdade de Xénero proposta



polo Goberno galego hai uns meses e que foi parella co anuncio do I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020.

Por isto, o Grupo Parlamentar de En Marea, presenta a seguinte INTERPELACIÓN.

Que valoración fai o Goberno galego da prevención da violencia machista nas escolas galegas?

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2016.

Asdo.: Luca Chao Pérez,

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Deputada do GP de En Marea

Deputada do GP de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 23/12/2016 13:00:05

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 23/12/2016 13:00:12

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 24.01.2017 Hora: 10:00
Orde do día

5. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 24.01.2017 Hora: 10:00
Orde do día

5.1 3446(10/POPX-000010)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre os resultados das políticas do Goberno galego en
materia de emprego xuvenil



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2017 16:30
Nº Rexistro: 3446
Data envío: 16/01/2017 16:06:08.282



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Xoaquín Fernández Leiceaga, portavoz do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152.2, presenta ante esa Mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno, dirixida ao Sr. presidente da Xunta de Galicia.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Sr. presidente, qué opinión lles merecen os resultados das súas políticas en materia de emprego xuvenil?

Pazo do Parlamento, 16 de xaneiro de 2017

Asdo.: **Xoaquín Fernández Leiceaga**
Portavoz G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 16/01/2017 16:05:19

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 24.01.2017 Hora: 10:00
Orde do día

5.2 3459(10/POPX-000011)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a extratexia do Goberno galego para evitar os prexuízos para Galicia derivados do modelo de financiamento



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2017 16:56
Nº Rexistro: 3459
Data envío: 16/01/2017 16:56:06.407



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo, Portavoz do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 17 de marzo de 2015, formula a seguinte **PREGUNTA** dirixida ao **Presidente do Goberno**, para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

PREGUNTA AO PRESIDENTE:

“Que estratexia ten a Xunta para evitar que Galiza saia de novo perdendo, reeditando un modelo de financiamento de *café para todos*, centralista e inxusto?”

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2017

Asdo.: **Ana Belén Pontón Mondelo**
Portavoz do Grupo Parlamentar do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 16/01/2017 16:55:45

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 24.01.2017 Hora: 10:00
Orde do día

5.3 3483(10/POPX-000012)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre as razóns do Goberno galego para reducir e destinar ao pagamento do alugueiro e os subministros enerxéticos os fondos das axudas dirixidas ás familias en risco de pobreza

Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, Voceiro do **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PREGUNTA**, para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Presidente da Xunta de Galicia**.

Que motivación ten o Goberno galego para reducir e desviar os fondos destinados a axudar ás familias en risco de pobreza para o pago do alugueiro e os subministrados enerxéticos?

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2017.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 16/01/2017 17:35:21

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 24.01.2017 Hora: 10:00
Orde do día

6. Preguntas ao Goberno

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 24.01.2017 Hora: 10:00
Orde do día

6.1 2875(10/POP-000301)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre as medidas de actuación en relación co porto da Coruña

Publicación da iniciativa, 43, 12.01.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sanchez García, deputado do **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, relativa a medidas de actuación en relación co Porto da Coruña.

Primeiro.- A evolución da xestión económico-financeira do porto da Coruña nos últimos anos evidencia unha regresión acelerada dos seus resultados, a elevada débeda e carga financeira e a incapacidade da xeración de recursos para re-equilibrar a situación e facer fronte aos vencementos nos próximos anos. Situación económico-financeira que verase agravada a partir do 2021 cando a Autoridade Portuaria comece a amortizar o préstamo dos 200 millóns de euros do préstamo de Portos do estado outorgado para o financiamento do porto exterior (e outras actuacións), e elo con independencia do novo programa de amortización de dita débeda aprobada a finais do ano pasado.

Desde que o Sr. Losada foi designado presidente da Autoridade Portuaria, o resultado de explotación pasou de 17,647 millóns de euros a so 1,128 millóns, o que, xunto a unha elevada carga financeira porcentual (derivada basicamente do custo de financiamento do porto exterior) determinou que desde o 2012 o porto da Coruña ten resultado neto negativo.



AUTORIDAD PORTUARIA CORUÑA	2016 (previsión)	2015	2014	2013	2012	2011	2010
Importe cifra de negocios	27.723.000,00	26.954.807,49	23.618.530,80	24.716.328,36	25.482.923,86	22.293.570,65	21.337.234,41
Resultado de Explotación	1.128.000,00	3.759.200,07	767.300,38	3.224.666,76	5.666.514,96	10.664.456,00	17.647.242,47
Resultado financeiro	-4.724.000,00	-4.927.312,50	-5.003.561,33	-3.942.474,38	-3.613.602,03	6.589.654,97	6.020.210,76
RESULTADO EJERCIZO	-3.596.000,00	-1.168.112,43	-4.255.388,13	-722.049,99	2.052.912,93	17.254.110,97	23.667.453,23
Débedas LP (pasivo non corrente)	108.865.000,00	115.343.016,81	122.521.974,04	128.405.856,38	132.184.301,55	132.757.208,36	130.684.348,34
Débedas LP con Portos Estado	200.000.000,00	179.783.640,60	169.775.268,98	169.767.280,65	169.759.489,39	169.752.617,68	0,00
TOTAL PASIVO NON CORRIENTE (LP)	308.865.000,00	295.145.738,58	292.297.243,02	298.365.119,57	304.661.363,48	304.492.980,71	145.261.491,93
Débedas CP (pasivo corrente)	12.878.000,00	15.504.088,84	9.224.163,99	9.117.381,22	5.144.464,34	13.865.239,12	69.441.522,65
Débedas CP con Portos Estado	0,00	200.000,00	14.352,77	0,00	4.690.103,10	57.695,07	81.857,95
TOTAL PASIVO CORRIENTE (CP)	16.093.000,00	20.263.386,61	12.117.069,30	15.509.181,35	13.666.581,33	21.780.898,55	90.129.385,55
TOTAL PASIVO ESIXIBLE (débeda tota)	324.958.000,00	315.409.125,19	304.414.312,32	313.874.300,92	318.327.944,81	326.273.879,26	235.390.877,48
Fonte : Anos 2010-2015 : Contas Anuais aprobadas							
Ano 2016 : previsión aprobada Consello Administración 22/12/2016							

Segundo.- O consello de administración da Autoridade Portuaria de A Coruña aprobaba en outubro de 2012 a concesión de 30.000 m² presentada por Pemex para instalar unha terminal de graneis líquidos no Porto exterior. Mesmo a tal consello asistía, con grande relevancia mediática, o presidente da Xunta, Sr. Feijóo, quen, xunto ao Sr. Losada comparecían para dar conta propagandística de tal relevante e notoria concesión, á que o propio Sr. Losada precisaba datas de execución concretas : comezo das obras para mediados do 2013 e comezo operativo das instalacións a finais de 2014 ou comezos de 2015.

A fachenda propagandística de tal acto foi directamente proporcional ao seu fracaso. Pemex xa ten anunciado a súa renuncia a dita concesión e a realidade do porto exterior é unha previsión real de ocupación que dista moito tanto da propaganda da parella Losada-Feijóo como dos propios plans de empresa aprobados polo Consello de Administración da Autoridade Portuaria. Plans de empresa convertidos mais en soños hipotéticos que en expectativas de futuro reais e razoables.

E a realidade é que na actualidade so está ocupado o 10% de superficie do porto exterior e, de acordo co propio plan de empresa 2107 aprobado, no 2022 so estaría ocupado algo mais da metade de dita superficie.

A realidade dun evidente fracaso de xestión da Autoridade Portuaria e da súa presidencia, que non pode ampararse en causas externas ou en situacións de coxuntura, cando ditos datos de ocupación (os actuais e os previstos) poñen de manifesto as eivas dunha xestión portuaria que foi acompañada da persistencia das eivas do propio porto exterior (atrasos na execución das conexións terrestres e ferroviarias), xa expresadas en informes da propia Unión Europea.

Terceiro.- E ante tal panorama, a gran aposta da Autoridade Portuaria, e teimosamente pretendida pola súa presidencia, é a enaxenación privada dos terreos portuarios a desafectar (peiraos de Batería/Calvo Sotelo) ou daqueles que xa foron desafectados no 2000 e que teñen a condición de patrimoniais (parcelas do Hotel Finisterre e a Solaina), procedentes de recheos gañados ao mar e da propia desaparición de praias urbanas.

Enaxenacións que ademais de supoñer a privatización de solo público (terreos gañados ao mar nun caso, antigos bens comunais da cidade, noutro) pretenden alterar o ben máis prezado da cidade da Coruña, a súa fachada marítima e borde litoral, ao contemplarse no PXOM unha ordenación urbanística (conveniada no 2004) que proxecta mamotretos de ata 9 plantas de uso terciario e hoteleiro nos peiraos a desafectar do actual dominio público portuario.

Enaxenacións que, por riba, tampouco darían solución á actual situación estrutural de débeda do porto da Coruña e ao reequilibro das contas. Unhas contas que deben reaxustarse pola acción combinada de plans de ocupación do porto exterior e do propio volume de tráfico portuario e servizos portuarios anexos e complementarios, pola renegociación e refinanciamento da débeda (tanto da existente coas entidades financeiras como, en especial da dos 200 millóns con portos do Estado) e pola asunción polo Estado (a través dos fondos portuarios ou doutras medidas extraordinarias que poidan acordarse) dunha parte



significativa de dita débeda, na medida en que o porto exterior foi unha actuación acordada, programada e decidida polo Estado e o seu sector público estatal.

E dita actuación económico-financeira de refinanciamento da débeda demanda tamén a revisión do actual Convenio de Normalización Financeira.

Pola contra, a desafectación dos peiraos de Calvo Sotelo-Batería e San Diego supoñen unha oportunidade para a reordenación territorial e urbanística de dita superficie e da propia fachada marítima da Coruña e o seu destino a unha finalidade pública (equipamentos públicos dotacionais, espazos libres e zonas verdes). Obxectivo de interese público dotacional contrario ao que se pretende pola Autoridade Portuaria, que non é outro que a venda a promotores privados para a urbanización dos terreos con destino maioritario a vivendas e usos terciarios-comerciais.

Persistir na venda de terreos actualmente portuarios para financiar a débeda xerada do porto exterior sería seguir ancorados nas hipóteses e situación do 2004, cando daquela prevíase que os ingresos obtidos financiarían un terzo do custo do porto exterior. Hipótese de financiamento que mantela na actualidade suporía un desatino, agravado polo feito de que pretende executarse a custo da fachada marítima da Coruña e do venda de solo público, gañado ao mar ou que historicamente formaba parte da propiedade comunal do pobo da Coruña.

Cuarto.- A actuación dun presidente dun consello de administración dun ente público, que, incumprindo o propio acordo do Consello de administración que el preside (acordo de 30/06/2016, de suspensión do procedemento de enaxenación dos terreos do Finisterre/Solaina), negocia e convenia en segredo (actuacións non publicitadas nin dadas a coñecer ao propio Consello) cunha das partes interesadas (a actual concesionaria, Inmobiliaria Río Mero S.A) e mesmo pactando o prezo da participación na poxa, e con independencia das responsabilidades persoais nas



que puido ter incorrido, é merecente do seu cese, o cal xa este Grupo Parlamentar ten demandando noutra iniciativa parlamentaria. Cese, por outra banda, que estaría máis que xustificado pola súa xestión global na Autoridade Portuaria da Coruña.

O Concello da Coruña deu oportuno cumprimento (e por dúas veces) ao acordo de 30 de xuño, presentando en tempo e forma a súa solicitude-proposta de adquisición directa da parcela dos terreos da Solaina, e polo prezo oficial de taxación (prezo acordado tamén polo propio Consello de Administración).

Quebrar e violentar os propios acordos dos consello de administración, amais dunha manifesta desviación de poder, e causa de ilegalidade de tales acordos (por moito que poidan contar con informes parciais favorables), evidencia unha persistente actuación da presidencia da autoridade portuaria contraria ao interese público da cidade da Coruña e ao propio interese xeral portuario. Un interese público portuario que, como toda entidade do sector público debe someterse nas súas actuacións ao supremo interese xeral e ao de legalidade, que deben prevalecer sempre sobre os económicos derivados da obtención dunha anunciada poxa viciada de nulidade absoluta no plano xurídico e de inxustiza no plano político e social.

Recuperar o diálogo e a cooperación institucional, a prol do interese xeral e da cidade da Coruña, preservando a integridade do dominio público e da súa posta en valor, evitando a afectación negativa á fachada marítima e o borde litoral, deben ser os eixos básicos nos que se asenten as actuacións públicas respecto da futura ordenación dos terreos portuarios, da súa cualificación e usos públicos.

Polo exposto, preséntase a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2017 12:57
Nº Rexistro: 2875
Data envío: 03/01/2017 12:57:59.279



- Considera que a venta especulativa dos terreos da fachada marítima e borde litoral da Coruña, propiedade da Autoridade Portuaria, son unha boa solución para o interese público da cidade?

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro de 2017

Asdo.: Antón Sánchez García
Deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 03/01/2017 12:49:32

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 24.01.2017 Hora: 10:00
Orde do día

6.2 2939(10/POP-000324)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a realización pola Xunta de Galicia dalgunha xestión
diante do Goberno de España para que Renfe manteña o servizo
de venda de billetes en todas as estacións da nosa comunidade

Publicación da iniciativa, 43, 12.01.2017

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández e Patricia Vilán Lorenzo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Sete estacións do tren. Catro delas, na provincia de Ourense. Unha na contorna de Vigo, outra no Baixo Miño e outra máis no sur de Lugo. Por elas pasan cada ano case 200.000 persoas que soben e baixan dos trens de Renfe. E case 60.000 mercan alí mesmo os seus billetes para vindeiras viaxes. Son as cifras que, segundo alerta persoal ferroviario de Renfe e Adif perigan dentro do plan dos dous entes para reestruturar o seu servizo de vendas en 2017, deixando importantes núcleos de poboación sen o servizo presencial de información e venda de billetes e implicando, nalgúns dos casos o peche e estacións que queden sen persoal. Unha decisión que afondaría no deserto demográfico no que se está a converter o noso medio rural.

O que noutrora era unha única empresa pública está a ultimar entre as dúas compañías en que se dividiu o traspaso da venda de billetes e información ao público. Trátase de que este servizo que agora presta Adif sexa xestionado por Renfe-Viajeros. O proceso de trasvase do persoal, avanza nas estacións das sete cidades e máis na de Vilagarcía, onde 82 persoas desenvolven estas funcións. Non entanto, nesta primeira estimación, nin Renfe nin Adif están a incluír a venda de billetes nin a atención ao público nas estacións nas que estes labores non é realizado por persoal do departamento comercial, senón no de circulación. Renfe, ao cabo, non prevé asumir este persoal e Adif non o manterá se non ocupa tempo dabondo en labores alén das comerciais.

Esta é a situación na que se atopan as estacións ourensás do Carballiño, A Rúa, O Barco de Valdeorras e Ribadavia, así como as de Guillarei (Tui) e Redondela e a de Sarria (Lugo). Alí o persoal que fai labores de xestión do tráfico ferroviario tamén vende billetes de longa e media distancia e atende o público.



Grupo Parlamentario

Ao arredor de 200.000 persoas que pasan cada ano por estas estacións non terían persoal de información e venda ao que dirixirse se os plans de Renfe-Viajeros se levan a efecto, algo que semella que vai ocorrer.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten realizado a Xunta de Galicia algunha xestión diante do Goberno de España para que se manteña o servizo de venda de billetes en todas as estacións da nosa comunidade?

Pazo do Parlamento, 2 de xaneiro de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Raúl Fernández Fernández
Patricia Vilán Lorenzo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 04/01/2017 12:37:13

Raúl Fernández Fernández na data 04/01/2017 12:37:18

Patricia Vilán Lorenzo na data 04/01/2017 12:37:22

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 24.01.2017 Hora: 10:00
Orde do día

6.3 3182(10/PUP-000042)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e Rodríguez Rumbo, Matilde
Begoña

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da realización de xestións diante de Portos do Estado e o Ministerio de Fomento para evitar a subhasta dos terreos portuarios nos que están asentados A Solana e o Hotel Finisterre na cidade da Coruña

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Juan Manuel Díaz Villoslada e Begoña Rodríguez Rumbo, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta urxente para a súa resposta oral en Pleno.

Xustificación da urxencia. A urxencia vén motivada pola inminente subhasta dos terreos obxecto da pregunta anunciada pola Autoridade Portuaria da Coruña.

O Pleno do Concello da Coruña aprobou, na súa sesión deste luns 9 de xaneiro, a Moción presentada polo Grupo Municipal Socialista *na defensa da titularidade pública dos espazos da Solana e o Finisterre*.

Segundo esta moción municipal, a decisión do Consello de Administración da Autoridade Portuaria da Coruña, tomada o pasado 22 de decembro, de subastar A Solana e o Hotel Finisterre e non aceptar a oferta municipal polos terreos do complexo deportivo, supuxo un desaire institucional de escasos precedentes e unha gravísima decisión no que á cidade se refire.

A actuación do presidente do ente portuario e do propio Consello de Administración, decididos claramente á privatización urxente e definitiva dos terreos que ocupan tanto o Hotel como as instalacións deportivas anexas, quedaron en evidencia nas negociacións coa empresa Inmobiliaria Río Mero en pleno mes de outubro, dous meses antes de que expirara o prazo outorgado ao Concello para facer chegar unha oferta económica. Negociacións, por outra parte, previas ao anunciado procedemento de alleamento público mediante subhasta, o que, polo menos, chama a atención. Esta negociación contradí os termos estritos do acordo unánime adoptado polo propio Consello de Administración da Autoridade Portuaria o día 30 de xuño de 2016: *"Suspende a tramitación do procedemento de enaxenación durante o prazo de 6 meses. Transcurrido o prazo sin que o Ayuntamiento de A Coruña solicite expresamente a adjudicación directa da parcela ocupada por La Solana, a Autoridad Portuaria reanudará o procedemento sin máis trámite"*.



Grupo Parlamentario

Os argumentos esgrimidos tanto polo presidente da Autoridade Portuaria como polos informes xurídicos redactados para defender tal decisión baséanse exclusivamente en criterios economicistas obviando, sinala a Moción municipal, a natureza, radicación e historia dos terreos en cuestión e evitando que na decisión final participe a lexítima dona dos ditos terreos: a cidade.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O propio presidente de *Puertos del Estado*, José Llorca, declarou que o obxectivo desta decisión era axudar a enxugar a débeda da Autoridade Portuaria e que viría seguida da venda en subhasta dos peiraos de Batería e Calvo Sotelo, xa liberados de actividades portuarias unha vez que estas foron trasladadas ao Porto Exterior.

Estas declaracións, subliña a Moción aprobada polo Pleno municipal, realizábanse apenas uns días despois de que o mesmo Ministerio de Fomento decidise dedicar 5.000 millóns de euros ao rescate das autopistas madrileñas en quebra. No caso da Coruña, o Ministerio non parece manter o mesmo criterio nin mostra a mesma sensibilidade, pese a que a débeda xerada polas vías madrileñas multiplica por dez a do Porto coruñés.

A construción do novo Porto Exterior abordouse con financiamento estatal, con un préstamo do BEI e, segundo o convenio asinado, coa chegada da Autoridade Portuaria a través da urbanización dos peiraos do Porto interior unha vez liberado das actividades portuarias.

É evidente que as condicións económicas, sociais, urbanísticas e empresariais do momento da sinatura do convenio non se corresponden coas actuais e, polo tanto, é imprescindible reformular ditos acordos e acadar un planteamento que beneficie á cidade, que permita acometer as obras finais do Porto e que asuma as débedas do dito investimento.

Sinala tamén a Moción do Concello que non debe de confundirse, polo tanto, esta obrigada revisión das decisións dos espazos portuarios nun marco económico distinto e ante unhas expectativas de negocio diferentes, con ningún cuestionamento dunha obra que era de xustiza para a cidade e o seu progreso.



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por outra parte, a débeda da Autoridade Portuaria non é unicamente achacable á construción de Punta Langosteira. Repasando as súas cifras de negocio é sinxelo comprobar que as dificultades se deben tamén a unha xestión cando menos discutible, que parece limitada aos tráficoos cautivos e que ten abandonado a procura de novos investidores e que cando o intentaron fracasaron. Resulta rechamante, neste contexto, que na pasada Comisión 8ª, de Pesca e Marisqueo, que tivo lugar o 29 de decembro pasado, o presidente de Portos de Galicia, en resposta a pregunta núm.1885 deste Grupo Parlamentario, contestase que a renuncia de PEMEX aos seus investimentos previstos en Punta Langosteira non afectan á viabilidade do novo porto exterior (lembramos que PEMEX tiña solicitada unha ocupación da cuarta parte da superficie, 30.000 metros cadrados, con un investimento total de preto de 58 millóns de euros, o que suporía, segundo a propia Autoridade Portuaria, unha previsión de incremento de tráficoos dun 20 %, e dun 15 % de ingresos por tarifas).

A Autoridade Portuaria da Coruña triplica as súas perdas, con catro anos seguidos de déficit, e dase seis anos para a ocupación da metade da superficie para empresas en Langosteira. Para máis noticia, parece ser que *Puertos del Estado* non ten previsto incluír o enlace ferroviario ao Porto exterior no *Fondo Financieiro de Accesibilidade de Puertos*, o que incrementará as necesidades de financiamento con cargo a orzamentos xerais, fronte ao que esta a ocorrer con outras infraestruturas portuarias. Os compromisos do Ministerio de Fomento co Porto da Coruña parecen reducirse a financeiro con espazos que a cidade precisa para o seu desenvolvemento, e isto debe, en todo caso, acordarse ao máximo nivel institucional entre todas as institucións públicas implicadas. O Porto non pode actuar de costas á cidade, coas súas necesidades, forma parte dela.

É imprescindible, polo tanto, compatibilizar as necesidades económicas da Autoridade Portuaria cos lexítimos dereitos da Coruña. O porto foi, e segue a ser, sen dúbida, un dos seus motores principais.

Non obstante, a privatización da Solana e do Hotel parece prevista e preparada desde hai tempo. No ano 2009 a Aprobación Inicial do PXOM declaraba os terreos como dotación pública -máis alá do tipo de xestión que logo se acordase-. Pero en 2012 na Aprobación Definitiva, que contou co voto negativo do Grupo Municipal Socialista, a cualificación do dito solo pasaba a ser dotacional privado. Estábase xa xestando unha decisión que se veu perfilando con nitidez neste pasado ano?. Os feitos así o parecen revelar.



 Grupo Parlamentario

Nin o presidente de *Puertos del Estado* nin o presidente da Autoridade Portuaria nin o seu Consello de Administración poden nin deben obviar a opinión da cidade, nin substraerlle o dereito a debater, opinar e decidir sobre o destino último daqueles terreos que un día foron ocupados por actividades portuarias agora inexistentes.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Ante esta situación o deputado e a deputada que asinan preguntan:

Vai o Goberno galego dirixirse a *Puertos del Estado* e o Ministerio de Fomento para evitar a subhasta dos terreos portuarios nos que se radican a Solana e o Hotel Finisterre?

Pazo do Parlamento, 11 de xaneiro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 11/01/2017 13:20:07

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 11/01/2017 13:20:20

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 24.01.2017 Hora: 10:00
Orde do día

6.4 3484(10/PUP-000045)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín e 6 máis

Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto da necesidade de garantía pola Autoridade Portuaria da Coruña, Portos do Estado e o Concello da Coruña da conxugación do uso e aproveitamento público dos terreos portuarios coa viabilidade económica e social do porto

A Mesa do Parlamento

Martín Fernández Prado, Carlos E. López Crespo, Teresa Egerique Mosquera, Daniel Vega Pérez, Aurelio Núñez Centeno, Marián García Míguez e Marta Rodríguez Arias, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia.

Xustificación da urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre este tema.

A superficie que ocupan o complexo deportivo da Solana e o Hotel Finisterre forman parte do espazo portuario dependente da Autoridade Portuaria da Coruña e durante varias décadas desenvolveron a súa actividade por medio dunha concesión.

A Solana, cunha superficie de 28.000 metros cadrados, é ata o de agora un centro deportivo, de saúde e benestar con pistas de tenis, padel, baloncesto, fútbol, spa e piscinas.

En canto ao Hotel Finisterre, construíuse con posterioridade, ampliándose nos anos sesenta chegando a ter na actualidade cinco estrelas, converténdose durante moito tempo nun dos aloxamentos turísticos de referencia da cidade da Coruña.

Polo tanto, hai que sinalar que estes terreos levan décadas tendo un uso privativo por medio destas instalacións, e de producirse un cambio de titularidade, non suporía apenas ningunha diferenza para os cidadáns coruñeses.

En abril de 2016, Puertos del Estado autoriza a subhasta destes terreos por un mínimo de seis millóns de euros, pero en maio de 2016, cando se ía a aprobar a poxa, o Concello da Coruña amosa o seu interese por esta zona portuaria, dándolle a Autoridade Portuaria da Coruña un prazo de 6 meses para facer unha oferta. Entre tanto, a actual concesionaria chegou a ofrecer 10 millóns de euros por ambas



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2017 18:27
Nº Rexistro: 3484
Data envío: 16/01/2017 18:27:38.642

instalacións, mentres que o Concello non foi capaz de formalizar unha oferta o suficientemente atractiva e documentada, presentando soamente dous escritos nos que expresa a súa vontade de compra.

Ante a falta de concreción na oferta municipal e transcorrido o prazo outorgado polo porto ao Concello, a Autoridade Portuaria tomou a decisión de subhastar os terreos de A Solana e o hotel Finisterre de forma pública e conxunta, regresando por tanto, á idea inicialmente proposta, na cal nos atopamos neste momento.

Estamos a falar, ademais, dunha decisión adoptada por maioría dentro do Consello de Administración da Autoridade Portuaria, que lembremos é un organismo autónomo e competente para tomar as súas propias decisións, e contando co aval de diversos informes técnicos nos eidos xurídicos e económicos. Estes informes, emitidos por Puertos del Estado, o Ministerio de Facenda e a Avogacía do Estado, indican claramente que a Autoridade Portuaria debe retomar a subhasta dos terreos, dada a súa obrigaçión de reducir e endebedamento que provocou a construción do porto exterior e tendo a certeza de que a subhasta reportará unhs ingresos moi superiores que a venda directa da parcela da Solana ao Concello.

Hai que ter en conta que a venda da Solana e do hotel Finisterre, e a posterior enaxenación de determinados peiraos no porto interior, está previsto desde hai anos no plan de financiamento do porto exterior, e recollido nos plans de empresa da Autoridade Portuaria e acordados con Portos do Estado, sempre tendo en conta que a obtención dos recursos económicos necesarios para o Porto pode conxugarse coa mellora urbanística da cidade da Coruña.

Así, o Plan de Empresa feito pola Autoridade Portuaria en 2008, cando nesta institución, na Xunta de Galicia e no Goberno do Estado gobernaba o PSOE, xa recolle a previsión de venda da Solana.

E en 2011, o crédito subscrito entre a Autoridade e Portos do Estado, sendo o socialista coruñés Fernando González Laxe presidente de Portos do Estado, supuxo a creación dunha comisión de normalización financeira que obriga a Autoridade Portuaria a obter os máximos recursos posibles coa venda dos seus activos.

Polo tanto, era una cuestión coñecida e aceptada polo Concello da Coruña, sen que a venda dos activos da Autoridade Portuaria poda achacarse de ningunha maneira a una mala xestión económica da Autoridade Portuaria.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com

Ao contrario, a acertada xestión económica da Autoridade Portuaria esta dando os seus froitos. En 2015, a cifra de negocio do organismo foi de 26,9 M€, a máis alta da historia do Porto coruñés. E, a falta de cerrar o dato, se pode adiantar que o exercicio de 2016 se pechou con beneficios para a Autoridade Portuaria. Isto é moi revelador, porque as amortizacións e os gastos financeiros que se derivan do porto exterior veñen provocando que as contas de resultados da Autoridade Portuaria pechen con números vermellos desde 2013, e non había previsións de ter beneficios ata 2021.

Sen embargo, a boa xestión económica, o crecemento dos tráxicos, os ingresos que xa reporta o porto exterior e a contención do gasto posibilitan que haxa beneficios seis anos antes do previsto, aínda que isto non evita que teña que manterse o plan de venda de activos para completar o financiamento das obras de Langosteira. Como dato, podemos recordar que nas obras do porto exterior realizadas nos últimos cinco anos se obtivo un aforro de 32 millóns de euros sobre os importes de licitación, debido a adecuada xestión das mesmas.

Sobre o porto exterior, compre tamén subliñar que empeza a reportar os froitos desexados, cun volume de tráfico xa relevante e en liña de crecemento. Case o 40% dos graneis sólidos que se moven no porto da Coruña pasan xa por Punta Langosteira, e Repsol trasladará o ano que ven as descargas de petróleo.

O Partido Popular defenderá sempre que calquera actuación que se faga, se realice dentro dos canles legais pertinentes e sen menosprezo dos intereses xerais da cidade da Coruña.

Polo exposto os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Considera a Xunta de Galicia que a Autoridade Portuaria da Coruña, Puertos del Estado e o Concello da Coruña deben e poden garantir a adecuada conxugación do uso e aproveitamento público dos terreos portuarios coa viabilidade económica e social do porto?

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2017 18:27
Nº Rexistro: 3484
Data envío: 16/01/2017 18:27:38.642**

Martín Fernández Prado na data 16/01/2017 18:26:07

Carlos Enrique López Crespo na data 16/01/2017 18:26:14

Teresa Egerique Mosquera na data 16/01/2017 18:26:22

Daniel Vega Pérez na data 16/01/2017 18:26:28

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 16/01/2017 18:26:48

María Ángeles García Míguez na data 16/01/2017 18:26:55

Marta Rodríguez Arias na data 16/01/2017 18:27:02

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 24.01.2017 Hora: 10:00
Orde do día

6.5 2735(10/POP-000271)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 13 máis

Sobre a situación do mercado laboral en Galicia en relación
co resto de España

Publicación da iniciativa, 43, 12.01.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

Manuel Lago Peñas, Antón Sánchez García, Luís Villares Naveira, Carmen Santos Queiruga, Eva Solla Fernández, Marcos Cal Ogando, Ánxeles Cuña Bóveda, Davide Rodríguez Estévez, Paula Quinteiro Araujo, Paula Vázquez Verao, Francisco Casal Vidal, Magdalena Barahona Martín, Juan José Merlo Lorenzo e Luca Chao Pérez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O Instituto Galego de Estatística vén de presentar un informe, o pasado día 22 de decembro de 2016, sobre o mercado de traballo en Galicia, que incorpora unha análise comparada das variables máis relevantes coa Unión Europea.

No informe, no apartado no que se estuda a taxa de temporalidade, dise o seguinte: **“En España e Galicia a porcentaxe de asalariados con contrato temporal sobre o total de asalariados (taxa de temporalidade) presenta un repunte nos dous últimos anos con respecto á tendencia decrecente que se observaba desde o ano 2006. Esta evolución é máis estable na UE28. Na actualidade tanto Galicia como España están á cabeza no ranking dos países con maiores taxas de temporalidade, só superadas por Polonia. En Galicia non ano 2015 foi do 25,4% sendo a media comunitaria do 14,1%.**

A taxa de temporalidade presenta lixeiras diferenzas segundo o sexo. En Galicia no ano 2015 foi do 26,8% para as mulleres e do 24,1% para os homes; no caso da Unión Europea a taxa de temporalidade das mulleres foi do 14,5% fronte ao 13,8% dos homes.”



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2016 16:30
Nº Rexistro: 2735
Data envío: 29/12/2016 14:43:01.962



Diante desta información dun órgano público dependente da Xunta de Galicia e que, polo tanto, o Goberno non pode cualificar como información non crible, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Pregunta:

-Como explica a Xunta de Galicia que a taxa de precariedade de Galicia sexa superior á da media do Estado: o 25,4% fronte o 24,1%?

Santiago de Compostela, 26 de decembro de 2016.

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 29/12/2016 14:35:07

Antón Sánchez García na data 29/12/2016 14:35:15

Paula Quinteiro Araújo na data 29/12/2016 14:35:22

Luis Villares Naveira na data 29/12/2016 14:35:31

Paula Vázquez Verao na data 29/12/2016 14:35:39

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 29/12/2016 14:35:43

Juan José Merlo Lorenzo na data 29/12/2016 14:35:47

Carmen Santos Queiruga na data 29/12/2016 14:35:51



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2016 16:30
Nº Registro: 2735
Data envío: 29/12/2016 14:43:01.962



Eva Solla Fernández na data 29/12/2016 14:35:56

Luca Chao Pérez na data 29/12/2016 14:36:00

Magdalena Barahona Martín na data 29/12/2016 14:36:03

Francisco Casal Vidal na data 29/12/2016 14:36:07

David Rodríguez Estévez na data 29/12/2016 14:36:12

Marcos Cal Ogando na data 29/12/2016 14:36:16

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 24.01.2017 Hora: 10:00
Orde do día

6.6 2764(10/POP-000277)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 6 máis

Sobre as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia para
informar e formar as persoas consumidoras e usuarias ante as
súas preocupacións coa factura da luz

Publicación da iniciativa, 43, 12.01.2017

Á Mesa do Parlamento

Miguel Tellado Filgueira, Raquel Arias Rodríguez, María Antón Vilasánchez, Sandra Vázquez Rodríguez, Teresa Egerique Mosquera, Marta Nóvoa Iglesias e Cristina Romero Fernández deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A Xunta de Galicia, a través do Instituto Galego de Consumo e da Dirección Xeral de Industria vén traballando en diferentes liñas para protexer os dereitos dos consumidores, garantindo a seguridade dos produtos que se atopan á venda, impulsando a información e o asesoramento e mediando na resolución de conflitos entre empresas e consumidores.

En 2015, atendéronse máis de 32.000 consultas, tramitáronse preto de 20.000 reclamacións e emitíronse o pasado ano case 3.000 laudos arbitrais, achegando unha vía rápida, eficaz e gratuíta para a solución dos problemas que xorden entre consumidores e empresas. Así mesmo, máis de 5.500 persoas participaron nas máis de 200 actividades organizadas pola Escola Galega de Consumo.

A protección dos dereitos dos consumidores no ámbito do subministro eléctrico é unha prioridade porque a factura da luz é unha preocupación para moitas familias. Sirva de exemplo que, en 2015, o IGC tramitou 4.141 reclamacións que derivaron en 825 expedientes sancionadores contra as empresas que comercializan enerxía. Sen embargo, convén realizar medidas dirixidas a achegar as claves para que os consumidores poidan aforrar no seu recibo eléctrico.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Qué está a facer a Xunta de Galicia para informar e formar ás persoas consumidoras e usuarias ante as súas preocupacións coa factura da Luz?

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2016

Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 30/12/2016 11:51:15



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2016 12:28
Nº Rexistro: 2764
Data envío: 30/12/2016 12:28:14.237**

Raquel Arias Rodríguez na data 30/12/2016 11:51:31

Maria Antón Vilasánchez na data 30/12/2016 11:52:10

Sandra Vázquez Domínguez na data 30/12/2016 11:52:19

Teresa Egerique Mosquera na data 30/12/2016 11:52:35

Marta Novoa Iglesias na data 30/12/2016 11:52:53

Cristina Isabel Romero Fernández na data 30/12/2016 11:53:09

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 24.01.2017 Hora: 10:00
Orde do día

6.7 3460(10/PUP-000046)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre o coñecemento polo Goberno galego da situación de discriminación por razón de xénero e acoso laboral que está a padecer unha traballadora dunha empresa de transporte de viaxeiros



Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, polo trámite de **urxencia**, relativa á valoración do Goberno galego da situación de discriminación por razón de xénero e acoso á que está sometida unha traballadora por parte da empresa de transporte de viaxeiros HEDEGASA, S.L.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola necesidade de coñecer en sede parlamentaria a valoración por parte do Goberno da situación na que se atopa unha traballadora e do extenso historial de condenas por acoso laboral, mobbing e danos morais sufridos na empresa de transporte colectivo de viaxeiros HEDEGASA, S.L.

Diante disto o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través da deputada asinante, formula a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral ante o Pleno**, polo **trámite de urxencia**:

É coñecedor o Goberno galego da situación de discriminación por razón de xénero e acoso á que está sometida unha traballadora por parte da empresa de transporte de viaxeiros HEDEGASA, S.L.?

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2017



BNG
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2017 17:01
Nº Rexistro: 3460
Data envío: 16/01/2017 17:01:29.048

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 16/01/2017 16:53:57

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 24.01.2017 Hora: 10:00
Orde do día

6.8 3482(10/PUP-000044)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 13 máis

Sobre as medidas que vai promover o Goberno galego para evitar a fuga e deslocalización das empresas auxiliares do sector do automóbil ao norte de Portugal

Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, Jose Manuel Lago Peñas, Antón Sánchez García, Carmen Santos Queiruga, Magdalena Barahona Martín, Marcos Cal Ogando, Francisco Casal Vidal, Luca Chao Pérez, Ánxeles Cuña Bóveda, Juan José Merlo Lorenzo, Paula Quinteiro Araujo, Davide Rodríguez Estévez, Eva Solla Fernández e Paula Vázquez Verao, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara presentan a seguinte **Pregunta urxente para a súa resposta oral en Pleno**, relativa ás políticas necesarias para evitar a deslocalización da industria do automóbil.

Xustificación da Urxencia.

Non hai moito tempo o Presidente da Xunta de Galicia, utilizou o seu mecanismo de propaganda para participar na viaxe inicial do vehículo autónomo de Citroën, convertendo este feito nun suposto novo logro da súa xestión en materia de fixación industrial. Meses despois a realidade amosa un novo fracaso do Goberno do Partido Popular. Un eixo fundamental para o desenvolvemento para a economía do país como é o automóbil sofre un continuo proceso de deslocalización que resulta evidente no caso das empresas auxiliares provedoras de compoñentes para o vehículo autónomo, que se están situando en África e, moi especialmente, no norte de Portugal.

Galicia non pode permitirse continuar perdendo peso na industria do automóbil, por causa da inacción do goberno contra a deslocalización e a falla dunha estratexia industrial que convertan este país en atractivo para incrementar a



inversión desta industria

Polo anteriormente sinalado o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte **Pregunta oral urxente en Pleno:**

Que medidas ten previsto promover o Goberno para evitar a fuga e deslocalización de empresas auxiliares do Automóbil ao Norte de Portugal?

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 16/01/2017 17:48:46

Paula Vázquez Verao na data 16/01/2017 17:48:52

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 16/01/2017 17:48:55

Juan José Merlo Lorenzo na data 16/01/2017 17:49:01

Carmen Santos Queiruga na data 16/01/2017 17:49:04

Antón Sánchez García na data 16/01/2017 17:49:06

Eva Solla Fernández na data 16/01/2017 17:49:10

Luca Chao Pérez na data 16/01/2017 17:49:13



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2017 18:18
Nº Rexistro: 3482
Data envío: 16/01/2017 18:18:54.032



Paula Quinteiro Araújo na data 16/01/2017 17:49:17

Magdalena Barahona Martín na data 16/01/2017 17:49:21

José Manuel Lago Peñas na data 16/01/2017 17:49:27

Francisco Casal Vidal na data 16/01/2017 17:49:30

David Rodríguez Estévez na data 16/01/2017 17:49:33

Marcos Cal Ogando na data 16/01/2017 17:49:37

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 24.01.2017 Hora: 10:00
Orde do día

6.9 2946(10/POP-000322)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis

Sobre a pretensión da Xunta de Galicia de suprimir con carácter xeral a obriga de coñecer a lingua galega nos procedementos de selección das actrices e actores que traballen no Centro Dramático Galego

Publicación da iniciativa, 43, 12.01.2017



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2017 12:40
Nº Rexistro: 2946
Data envío: 04/01/2017 12:40:26.108

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños e Xosé Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, relativa á supresión dos requirimentos relativos ao coñecemento da lingua galega no CDG.

Con data do 16 de decembro de 2016 publicáronse as bases que rexerán o proceso de elección das actrices e actores que interpretarán Martes de Carnaval. Trátase da primeira ocasión en que serán interpretadas en lingua galega dúas pezas de Ramón María del Valle Inclán, toda vez que este ano as súas obras pasan a dominio público erguéndose a prohibición familiar que impedía traducir o autor.

No procedemento de selección impulsado polo Centro Dramático Galego (CDG) recóllense unha serie de requirimentos para as persoas candidatas foron eliminados os relativos ao "coñecemento da lingua galega" e dos criterios de valoración do currículo profesional o "coñecemento e uso do idioma galego no plano cotián e artístico" este último valorado con 4 puntos. Esta supresión realizouse con motivo da ampliación do prazo de achega das candidaturas, que finaliza o 10 de xaneiro.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2017 12:40
Nº Rexistro: 2946
Data envío: 04/01/2017 12:40:26.108

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG, a través das deputadas e deputados asinantes, presenta a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**:

A Xunta de Galiza pretende suprimir con carácter xeral a obriga de coñecer a lingua galega dos procedementos de selección das actrices e actores que traballen no Centro Dramático Galego?

Santiago de Compostela, 4 de xaneiro de 2017

Asdo.: **Ana Belén Pontón Mondelo**

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 04/01/2017 11:59:06

María Montserrat Prado Cores na data 04/01/2017 11:59:11



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2017 12:40
Nº Rexistro: 2946
Data envío: 04/01/2017 12:40:26.108

Ana Pontón Mondelo na data 04/01/2017 11:59:14

Xosé Luis Bará Torres na data 04/01/2017 11:59:16

Xose Luis Rivas Cruz na data 04/01/2017 11:59:23

Noa Presas Bergantiños na data 04/01/2017 11:59:28

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 24.01.2017 Hora: 10:00
Orde do día

6.10 2722(10/POP-000268)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Gil, César Manuel e 6 máis

Sobre a valoración polo Goberno galego dos datos do informe
PISA 2015 no que atinxe á Comunidade Autónoma de Galicia

Publicación da iniciativa, 43, 12.01.2017



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2016 11:35
Nº Rexistro: 2722
Data envío: 29/12/2016 11:35:32.109

Á Mesa do Parlamento

César M. Fernández Gil, Moisés Blanco Paradelo, Carlos Gómez Salgado, Teresa Egerique Mosquera, Antonio Mouriño Villar, Carlos E. López Crespo, Martín Fernández Prado, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

O informe do Programa Internacional para a Avaliación de Estudantes ou “Informe PISA”, ten como obxectivo fundamental avaliar a formación dos alumnos cando chegan ao final da etapa do ensino obrigatorio. Trátase dun segmento de poboación que está a piques de iniciar o ensino Post-obrigatorio, ou ben a piques de integrarse á vida laboral.

O Programa PISA, foi concibido polos países que integran a OCDE (Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico) como un recurso para ofrecer información abundante e detallada, que permitise aos países membros adoptar as decisións e políticas públicas necesarias para mellorar os sistemas educativos. A avaliación do informe PISA cubre as áreas de lectura, matemáticas e competencia científica; de tal xeito que a avaliación se centra no dominio dos procedementos, a comprensión dos conceptos e a habilidade de actuar ou funcionar en varias situacións dentro de cada dominio.

Segundo os datos que se desprenden do Informe PISA 2015 recentemente publicados, Galicia sitúase por riba da media de España e da OCDE nas competencias avaliadas; e ademais incrementa a súa puntuación total e a súa posición no ránking de comunidades autónomas con respecto ao último informe de 2012.

Tendo presente todo o exposto con anterioridade, os deputados e deputadas abaixo asinantes, formulan a seguinte pregunta oral en Pleno:

Que valoración fai o Goberno galego dos datos recentemente publicados do Informe PISA 2015, no que atinxe á Comunidade Autónoma de Galicia?

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2016 11:35
Nº Rexistro: 2722
Data envío: 29/12/2016 11:35:32.109

Santiago de Compostela 29 decembro de 2016

Asinado dixitalmente por:

César Manuel Fernández Gil na data 29/12/2016 11:12:51

Moisés Blanco Paradelo na data 29/12/2016 11:13:02

Carlos Gómez Salgado na data 29/12/2016 11:13:10

Teresa Egerique Mosquera na data 29/12/2016 11:13:57

Antonio Mouriño Villar na data 29/12/2016 11:14:21

Carlos Enrique López Crespo na data 29/12/2016 11:14:39

Martín Fernández Prado na data 29/12/2016 11:14:58

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com